



## DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA 2010-2011

Unha das liñas básicas de traballo da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) é o desenvolvemento de programas de dinamización do galego dirixidos ás franxas de idade máis novas da poboación. Estes programas responden a obxectivos emanados do *Plan xeral de normalización da lingua galega*:

- Promover a transmisión da lingua galega no ámbito familiar.
- Desenvolver materiais que favorezan o uso da lingua e a sensibilización sobre a utilidade do galego e o seu valor.
- Crear espazos de uso e aprendizaxe do galego ligados ao lecer e ás tecnoloxías da información e da comunicación para promover unha imaxe da lingua vinculada a valores positivos.
- Reforzar o uso do galego entre os galegofalantes e proporcionarlles modelos lingüísticos galegofonos de referencia aos rapaces e rapazas de orixe castelanófona.

### A Xeración dos Axóuxeres

O maletín da Xeración dos Axóuxeres achega un conxunto de produtos útiles para as parellas que agardan un bebé: consellos e reflexións sobre a utilidade da lingua, escolma de nomes galegos, disco con cancións para arrolar os meniños, xogos axeitados para as primeiras idades... Grazas á colaboración do *Servizo Galego de Saúde*, os materiais do maletín dos Axóuxeres seranlles entregados a 15.000 mulleres durante o seu terceiro trimestre de xestación nos centros de atención primaria, nos hospitais e nos centros de orientación familiar, así como nos centros médicos privados.

### Os Axóuxeres. Festas, Encontros e Obradoiros para bebés e familia

Os Axóuxeres son un programa de dinamización lingüística dirixido aos máis pequenos da casa (nenos de 0 a 3 anos) e ás súas familias. Durante os meses de setembro e outubro, as Festas dos Axóuxeres percorren as sete cidades galegas. As Festas son espectáculos participativos dunha hora de duración que conxugan a música, as cantigas, o teatro e o xogo en galego. No

mes de xaneiro terán lugar os **Encontros dos Axóuxeres** en 12 localidades das catro provincias galegas. Os Encontros son espectáculos semellantes ás Festas, pero cun formato axeitado a un aforo menor.

Para esta edición, a SXPL introduce os **Obradoiros dos Axóuxeres**, que combinan un pequeno curso de masaxe infantil con palabras e arrols tradicionais que teñen como fin sensibilizar as familias e propiciar a incorporación da lingua galega á súa comunicación habitual.

As músicas, letras, xogos e demais materiais dos Axóuxeres poden atoparse na rede, no portal da Secretaría Xeral de Política Lingüística, [www.xunta.es/linguagalega/axouxeres](http://www.xunta.es/linguagalega/axouxeres). Con eles será posible prolongar no fogar o efecto da actividade dinamizadora. Ademais, este ano Os Axóuxeres teñen presenza nas redes sociais a través dos enderezos [www.facebook.com/axouxeres](http://www.facebook.com/axouxeres) e <http://twitter.com/OsAxouxeres> e tamén haberá sorteos para os participantes nas diferentes actividades do programa ([www.xunta.es/linguagalega/contanos\\_como\\_vivistes\\_os\\_axouxeres](http://www.xunta.es/linguagalega/contanos_como_vivistes_os_axouxeres)).

### Bocaberta

Este programa busca promover a lingua galega entre os rapaces e rapazas de 3 a 18 anos. As iniciativas que conforman Bocaberta están elaboradas desde os intereses dos nenos e dos mozos co obxectivo fundamental de propiciar a súa participación activa a través da palabra. Bocaberta 2010-2011 deséñase e lévase a cabo en colaboración con 12 entidades, entre as que hai editoriais, discográficas e empresas de dinamización propiamente dita. A natureza das actividades responde aos intereses dos nenos e dos mozos e cobre un amplo abano de tipoloxías. En total, 747 accións coas que a SXPL chegará a máis de medio millón de rapaces e estará presente en todos os concellos de Galicia.

Algunhas destas accións xiran arredor da **música pop**, como os concertos do grupo Azou, de nova creación, que irán precedidos de cadanseu obradoiro de hip hop. *Detrás da canción* é outro obradoiro, organizado en colaboración con Eme2, que está destinado a aprenderlles aos mozos como crear, gravar e difundir música en galego cos recursos que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación. Cada un dos talleres programados para *Detrás da canción* irá seguido dun concerto do grupo The Homens. Para o desenvolvemento desta actividade, a SXPL contará co apoio da Secretaría Xeral de Medios.

Se as iniciativas anteriormente sinaladas se dirixen a un público adolescente, outras actividades musicais están pensadas para os máis cativos. É o caso dos concertos do coñecido grupo Mamá Cabra, organizados xunto coa editorial Galaxia, ou da actividade *En clave de conto*, de Oqo Editora, que levará por Galicia adiante un musical de gran calidade. Estes eventos musicais irán acompañados de **obradoiros para nenos ou para nenos e familias nos que se requirirá a participación activa dos asistentes**.

A **banda deseñada**, elemento de interese dentro da cultura xuvenil, centra as accións arredor da revista *Galimatías* (publicada por El Patito Editorial), que inclúen a propia difusión da revista, o web a ela asociado e os obradoiros impartidos por Fran Bueno.

Outras propostas xiran arredor da **maxia**. Son *Atrapados na torre*, de Everest, *Contos de maxia*, de Xerais, e *Abrapalabra*, de Galaxia.

Co fin de fomentar a **expresión en galego**, programouse a actividade *Palabras no ar*, na que colabora a editorial Kalandraka. Consta de obradoiros de oralidade, de escrita creativa e de gráfica creativa e mais dun web e de diversas **emisións radiofónicas** que permitirán difundir o froito do traballo neles realizado. A fomentar a expresión oral en galego tamén se dirixe o obradoiro de teatro programado da man da editorial Tambre. Os **monicreques** de Cachirulo representarán *El-rei Artur* e a abominable dama, obra publicada pola editorial Ir Indo.

Tamén será posible participar, no marco do programa Bocaberta, nunha **xincana** que terá continuidade a través das actividades en liña dun web especialmente creado para a ocasión. Nesta actividade, a SXPL irá da man da editorial Rodeira e da empresa de servizos lingüísticos Reverso.